

VALIDACIÓNS DE MÓDULOS PROFESIONAIS E DOS ÁMBITOS NON PROFESIONAIS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Real decreto 659/2023, do 18 de xullo



NORMATIVA SOBRE VALIDACIÓNS

▶ Normativa estatal

[Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro](#), polo que se establecen validacións de módulos profesionais dos títulos de Formación Profesional do sistema educativo español e as medidas para a súa aplicación, e se modifica o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo (BOE texto consolidado 28/05/24)

[Real decreto 659/2023, do 18 de xullo](#), polo que se desenvolve a ordenación do Sistema da Formación Profesional (BOE 04/08/2023)

[Real decreto 498/2024, do 21 de maio](#), polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao básico e fíxanse as súas ensinanzas mínimas. (BOE do 28/05/2024)

[Real decreto 499/2024, do 21 de maio](#), polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao medio e fíxanse as súas ensinanzas mínimas. (BOE do 28/05/2024)

[Real decreto 500/2024, do 21 de maio](#), polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao superior e fíxanse as súas ensinanzas mínimas. (BOE do 28/05/2024)

[Real decreto 497/2024, do 21 de maio](#), polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen, no ámbito da Formación Profesional, cursos de especialización de grao medio e superior e fíxanse as súas ensinanzas mínimas. (BOE do 28/05/2024).



NORMATIVA SOBRE VALIDACIÓNS

▶ Normativa autonómica

Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15/07/2011)

Resolución do 10 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024-2025.

Resolución do 10 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024-2025.



XUNTA
DE GALICIA



FORMACIÓN
PROFESIONAL

VALIDACIÓNS DE MÓDULOS PROFESIONAIS DE FORMACIÓN PROFESIONAL



Consideracións xerais

- »» A validación require a **matrícula previa** do alumnado no módulo que se desexa validar.
- »» Os **módulos idénticos** (mesmo código e mesma denominación) non se validan. Trasládase a cualificación obtida, coa solicitude da matrícula.
- »» O módulo de FCT, e a formación en empresa ou organismo equiparado no réxime xeral, non pode ser obxecto de validación, pero si **de exención total ou parcial**.
- »» O **módulo de proxecto ou o módulo de proxecto integrado** hai que cursalo sempre (nos ciclos que o inclúan). **Non é posible validalo.**

Consideracións xerais

- » Os módulos profesionais e as materias de estudos universitarios oficiais que fosen **previamente validados**, recoñecidos, ou superados por compensación, **non poderán ser achegados** para solicitar a validación doutros módulos profesionais.
- » A **experiencia profesional e a formación non formal** non poderán ser achegadas para a validación de módulos profesionais de títulos de Formación Profesional do sistema educativo, se non foron obxecto de recoñecemento a través dun **procedemento de acreditación de competencias profesionais**.
- » A validación de módulos profesionais **non será efectiva** ata que a o alumnado presente a resolución favorable correspondente na secretaría do centro onde se atope matriculado. Mentres non se estea en posesión da resolución, o alumnado deberá asistir ás actividades docentes e será avaliado ata ese intre.

Resolución de validación de módulos profesionais



REAL DECRETO 1085/2020, do 9 de decembro (Texto consolidado 28/05/2024)



ANEXO I (Módulos LOXSE cando se aportan módulos ou ciclos completos LOXSE)



ANEXO II (Módulos LOE cando se aportan módulos ou ciclos completos LOXSE)



ANEXO III (Módulos LOE cando se aportan módulos ou ciclos completos LOE)



ANEXO IV (Validacións de títulos publicados a partir do 5 de marzo de 2017)



REAIS DECRETOS polos que se modifican determinados Reais decretos polos que se establece os títulos de Formación Profesional



ANEXOS IV dos Reais decretos publicados con posterioridade a 5 de marzo de 2017.

MODELOS DE SOLICITUDE

▶ Resolución polo centro educativo

[Anexo XIV Orde 12 de xullo de 2011.](#)

▶ Resolución polo Ministerio de Educación,
Formación Profesional e Deportes

[Anexo V Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro.](#)

PRAZOS DA SOLICITUDE

Resolución polo centro educativo



20 días desde o inicio das clases

Resolución polo Ministerio de educación, formación profesional e deportes



Desde o inicio da matrícula ata a finalización do curso escolar



RESOLUCION DE VALIDACIÓN POLO CENTRO EDUCATIVO

- » Validacións establecidas nos **Anexos I, II, III e IV do Real decreto 1085/2020**
- » **Anexos IV de cada un dos Reais decretos** polos que se establecen os títulos **posteriores a 5 de marzo de 2017**

▶ Por formación formal:

- Inglés (títulos LOXSE e LOE)
- Inglés profesional (novo módulo)
- Lingua Estranxeira I e II (Curricular)*
- Itinerario persoal para a empregabilidade I
- Módulo de FOL (LOE-LOXSE)

▶ Por unidades de competencia (estándares de competencia)

- Acreditación de unidades de competencias
- Certificados de profesionalidade

* Exclusivamente aqueles que figuran no Anexo I da [Resolución do 10 de xullo de 2024](#) da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024-2025

RESOLUCION DE VALIDACIÓN POLO CENTRO EDUCATIVO

- » Os centros educativos resolverán as solicitudes de validacións de módulos do alumnado matriculado que estea afectado por algún dos casos, **con carácter previo á toma de decisións** do cumprimento do criterio de promoción, de compatibilidade e carga horaria, e de matrícula simultánea de ensinanzas.

RESOLUCIÓN POR PARTE DO MINISTERIO

Estudos universitarios	Agás o módulo de Inglés e Inglés profesional (<i>resolución polo centro educativo</i>)
Módulos profesionais de distintas accións formativas de formación profesional ao abeiro da Lei 14/1970, do 4 de agosto	Agás o módulo profesional de Inglés e Inglés profesional (<i>resolución polo centro educativo</i>)
Módulos profesionais da LOE con LOXSE	Agás o módulo de Formación e Orientación Laboral (FOL) (<i>resolución polo centro educativo</i>)
Ciclos formativos de Ensinanzas de Réxime Especial	

RESOLUCIÓN POR PARTE DO MINISTERIO

- »» O alumnado deberá presentar unha única solicitude no **modelo establecido no anexo V do Real decreto 1085/2020**, do 9 de decembro, indicando de forma expresa o código e a denominación exacta do módulo ou dos módulos profesionais para os que solicita as validacións.
- »» Certificación académica oficial na que conste a cualificación obtida nas materias ou nos módulos profesionais cursados.
- »» Para a validación de módulos profesionais con estudos universitarios cursados.
 - ✓ Copias dos programas oficiais das materias cursadas, debidamente seladas polo centro universitario correspondente.
 - ✓ Certificación da universidade na que conste que os programas que se xuntan son os realmente cursados e superados polo alumno ou alumna.
- »» O centro educativo tramitará as solicitudes de validación e a documentación achegada pola persoa solicitante a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes (<https://sede.educacion.gob.es>), logo da súa revisión e verificación.

Efectos académicos das validacións

- » Para o **cálculo da nota media do ciclo formativo** terase en conta a **cualificación previa** obtida pola persoa solicitante no módulo profesional validado. Con todo, se a validación esixe considerar máis dun módulo profesional, realizarase unha media aritmética das notas destas materias para obter a nota final.
- » Os módulos profesionais validados achegando estudos universitarios, así como os que se validen achegando estudos anteriores á LOXSE, non levarán **asignada ningunha puntuación**, constando no expediente do alumnado como validado e **non computarán a efectos de cálculo da nota media**.

EFECTOS ACADÉMICOS DAS VALIDACIÓNS

Cualificacións aportadas	Cualificación no módulo validado
Inglés profesional	Validado coa cualificación dos módulos superados previamente de LOXSE, LOE
Itinerario persoal para a empregabilidade I	Cualificación de FOL, se non ten cualificación «5»
Módulos profesionais que se validen achegando estudos anteriores á LOXSE	VALIDADO, sen cualificación
Módulos que se validen achegando estudos LOXSE – LOXSE	Cualificación LOXSE
Módulos que se validen achegando estudos LOXSE - LOE	Cualificación LOXSE
Módulos que se validen achegando estudos LOE - LOE	Cualificación LOE
Módulos de idiomas achegando certificacións oficiais da Escola oficial	VALIDADO, sen cualificación
Estudos universitarios	VALIDADO, sen cualificación
Módulos validados por resolución de estudos estranxeiros	VALIDADO, cualificación «5»
Acreditación por unidades de competencias ou por certificados de profesionalidade	VALIDADO, cualificación «5»

Exención da Formación en empresa ou organismo equiparado e o módulo de FCT

- »» A exención do período de formación na empresa ou organismo equiparado, ou do módulo de Formación en centros de traballo realizarase unicamente co alumnado que realice a súa formación polo réxime xeral^(*), polo tanto non procede a exención do alumnado que realice a súa formación polo réxime intensivo^(**).
- »» Tanto para a formación en empresa ou organismo equiparado como para o módulo de FCT, a xustificación da experiencia laboral realizarase de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 177 do Real decreto 659/2023.

^(*) réxime xeral: a duración da formación en empresa estará entre o 25% e o 35 %

^(**) réxime intensivo: a duración da formación en empresa estará entre o 35 % e o 50 %

Exención da Formación en empresa ou organismo equiparado e o módulo de FCT

- »» A exención da formación en empresa ou organismo equiparado quedará recollida nos documentos de avaliación e non afectará ás cualificacións dos módulos profesionais aos que pertenza os resultados de aprendizaxe compartidos entre o centro educativo e a empresa.
- »» A exención do módulo de FCT quedará recollida nos documentos de avaliación como "apto" ou "apta".

Sobre a exención da Formación en empresa ou organismo equiparado e o módulo de FCT

»» Quedan **exceptuados da posible exención** do período de formación ou organismo equiparado os ciclos formativos de grao superior da familia profesional de Sanidade:

- Audioloxía Protésica
- Próteses Dentais.
- Ortoprótesis e Produtos de Apoio
- Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
- Documentación e Administración Sanitarias
- Hixiene Bucodental
- Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear
- Laboratorio Clínico e Biomédico
- Radioterapia e Dosimetría

VALIDACIÓNS DE ÁMBITOS NON PROFESIONAIS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO BÁSICO

Resolución de validación de ámbitos non profesionais dos ciclos formativos de grao básico



Real decreto 498/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao básico e fíxanse as súas ensinanzas mínimas. (BOE do 28/05/2024)

Validacións dos ámbitos non profesionais polo centro educativo

- »» A validación dos ámbitos de Ciencias Aplicadas I e II, e Comunicación e Ciencias Sociais I e II polos antigos módulos profesionais de Ciencias Aplicadas I e II, e Comunicación e Sociedade I e II solicitarase no centro de formación profesional onde se formalizou a matrícula. A resolución **será automática** e a cualificación do ámbito afectado **será a que aparecese no expediente académico da antiga formación**.
- »» Quen superase os ámbitos de Comunicación e Ciencias Sociais I e II e Ciencias Aplicadas I e II en calquera dos ciclos formativos de Formación Profesional de grao básico correspondente aos títulos establecidos ao amparo da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, **terán validados estes módulos en calquera outro ciclo formativo de Formación Profesional de grao básico**. A resolución **será automática por parte dos centros educativos e manterase a cualificación obtida**.

Validacións dos ámbitos non profesionais polo centro educativo

»» O alumnado matriculado en calquera ciclo de grao básico poderá obter as seguintes validacións, que serán resoltas **automaticamente polos centros**:

a) Quen teña superadas as seguintes tres materias: Lingua Castelá e Literatura (e Lingua Cooficial e Literatura, se a houbese), Lingua Estranxeira e Xeografía e Historia do cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria en calquera das súas modalidades poderán obter os ámbitos de Comunicación e Ciencias Sociais I e II.

b) Quen teña superada a materia de Matemáticas (A ou B) e dúas das catro seguintes: Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Tecnoloxía e Dixitalización do cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria en calquera das súas modalidades poderán obter os ámbitos de Ciencias Aplicadas I e II.

Validacións dos ámbitos non profesionais pola Dirección Xeral de Formación Profesional

- » Os alumnos e alumnas que cursasen un Programa de Cualificación Profesional Inicial e superasen os módulos formativos obrigatorios do ámbito de comunicación e do ámbito social que, ademais, superasen un módulo de Lingua Estranxeira, ben establecido polas Administracións educativas ou de oferta dos centros, no ámbito das súas competencias, poderán obter a validación do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais I.

Así mesmo, quen superase o módulo formativo obrigatorio do ámbito científico-tecnolóxico, poderán obter a validación do ámbito de Ciencias Aplicadas I.

Validacións dos ámbitos pola Dirección Xeral de Formación Profesional

»» As persoas que teñan superado o ámbito de comunicación e o ámbito social ou o ámbito científico-tecnolóxico dos módulos 3 ou 4 da educación secundaria obrigatoria para persoas adultas poderán solicitar as seguintes validacións:

Estudos aportados	Validación
Ámbito de comunicación e ámbito social Módulo 3	Comunicación e ciencias sociais I
Ámbito científico-tecnolóxico Módulo 3	Ciencias aplicadas I
Ámbito de comunicación e ámbito social Módulo 4	Comunicación e ciencias sociais II
Ámbito científico-tecnolóxico Módulo 4	Ciencias aplicadas II

A ACREDITACIÓN DE UNIDADES DE COMPETENCIA

** Segundo a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, as unidades de competencia pasan a denominarse estándares de competencia*

A acreditación de unidades de competencia polo centro educativo

- »» O alumnado matriculado en ciclos formativos dos títulos de formación profesional ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), poderá validar os módulos profesionais que se establecen na norma pola que se regula cada título, por ter acreditada algunha unidade de competencia que forme parte do Catálogo nacional de cualificacións profesionais obtida mediante o **procedemento de avaliación e acreditación das competencias** profesionais establecido no Real decreto 1224/2009 ou mediante certificados de profesionalidade elaborados a partir do Catálogo nacional de cualificacións profesionais
- »» A **data da acreditación** das unidades de competencia ou dos certificados de profesionalidade debe ser **anterior á formalización da matrícula**.
- »» **Non é posible** a validación de módulos achegando unha unidade de competencia obtida pola superación de módulos profesionais do sistema educativo, neste caso aplicaranse as táboas de validación entre módulos profesionais.

A acreditación de unidades de competencia polo centro educativo

- » A validación de módulos profesionais mediante a acreditación de unidades de competencia ou estándares de competencias profesionais **adquiridos a través da experiencia laboral ou outras vías non formais e informais** aterase, se procede, ao establecido no artigo 128 do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo. Para iso, serán de aplicación as táboas de «correspondencia entre unidades de competencia acreditadas cos módulos profesionais para a súa validación», recollidas nos anexos correspondentes dos títulos que regulan as devanditas ensinanzas. Para estes efectos, se na mesma cela aparecesen dúas ou máis unidades de competencia acreditadas, deberase entender que para a validación cumprirá posuír todas elas de maneira simultánea. A data da acreditación das unidades de competencia debe ser anterior á formalización da matrícula.
- » Aos efectos previstos no apartado anterior, serán igualmente de aplicación as unidades de competencia acreditadas mediante o procedemento regulado polo derogado **Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo**, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

A acreditación de unidades de competencia polo centro educativo (UC suprimida)

- » Se o alumnado achega unha unidade de competencia que figuraba no anterior Real decreto do título e agora non aparece esta unidade de competencia nos Reais decretos publicados no BOE do 28.05.2024 (Real decreto 497/2024, Real decreto 498/2024, Real decreto 499/2024, Real decreto 500/2024), trátase dunha unidade de competencia suprimida, polo que é necesario determinar as unidades de competencia equivalentes segundo o Instituto nacional das cualificacións.

<https://incual.educacion.gob.es/equivalencias-ucs>

A acreditación de unidades de competencia polo centro educativo (UC suprimida)

»» EXEMPLO:

1. No **Real decreto 1588/2011, do 4 de novembro**, polo que se establece o Título de Técnico en Peiteado e cosmética capilar, **aparece a UC0351_2**: Cortar o cabelo e realizar o arreglo e rasurado de barba e bigote.

ANEXO V A)	
Correspondencia de las unidades de competencia acreditadas de acuerdo con lo establecido en el artículo 8 de la Ley Orgánica 5/2002, de 19 de junio, con los módulos profesionales para su convalidación	
Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionales convalidables
UC0349_2: Modificar la forma del cabello temporalmente, peinarlo y/o recogerlo. UC0058_1: Preparar los equipos y lavar y acondicionar el cabello y cuero cabelludo.	0842. Peinados y recogidos.
UC0351_2: Cortar el cabello y realizar el arreglo y rasurado de barba y bigote.	0845. Técnicas de corte de cabello.

A acreditación de unidades de competencia polo centro educativo (UC suprimida)


- » 2. No **Real decreto 499/2024, do 21 de maio**, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao medio e fíxanse as súas ensinanzas mínimas **non aparece a UC0351_2 (no seu lugar aparecen as UC2685_2 e UC2686_2).**

Polo que a UC0351_2 é unha unidade de competencia suprimida.

«ANEXO V A)	
Correspondencia de las unidades de competencia acreditadas con los módulos profesionales para su convalidación	
Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionales convalidables
UC0349_2: Realizar cambios de forma temporal en el cabello, peinarlo y/o recogerlo. UC0058_1: Preparar los equipos y lavar y acondicionar el cabello y cuero cabelludo.	0842. Peinados y recogidos.
UC2685_2: Realizar técnicas de corte del cabello. UC2686_2: Realizar técnicas de barbería.	0845. Técnicas de corte de cabello.

A acreditación de unidades de competencia polo centro educativo (UC suprimida)

- » 3. Buscamos na web do incual <https://incual.educacion.gob.es/equivalencias-ucs> as unidades equivalentes a UC suprimida.



The screenshot shows the website of the Instituto Nacional de Cualificaciónes (INCUAL). The navigation bar includes links to Inicio, El INCUAL, El Catálogo (CNCP), Las Familias Profesionales, La Formación Profesional, Acreditación, and Otros organismos. The breadcrumb trail indicates the current location: Web incual / El Catálogo (CNCP) / Equivalencia Unidades de Competencia.

The main content area is titled "EL CATÁLOGO (CNCP)" and lists two options: "Equivalencias UCs Suprimidas" (highlighted in yellow) and "Equivalencias UCs Nuevas". To the right, the section "Equivalencias Unidades de Competencia suprimidas/nuevas" explains the process of updating the National Catalogue of Professional Qualifications and provides instructions on how to search for equivalent units.

A red box contains a warning message: "Seleccione en primer lugar la Familia Profesional. (En algunas Familias Profesionales no hay unidades de competencia suprimidas). Añada, si las conoce, otras condiciones de búsqueda: nivel, nombre o código de la Unidad de competencia suprimida."

The search form includes the following fields:

- Familia Profesional: A dropdown menu with "--Seleccionar--".
- Código UC descatalogada: A text input field containing "UC0351_2".
- Nombre: A text input field.
- Nivel: A dropdown menu with "--Seleccionar--".

At the bottom of the form are two buttons: "buscar" (search) and "limpiar" (clear).

A acreditación de unidades de competencia polo centro educativo (UC suprimida)

»» 4. Equivalencias de Ucs suprimidas

Familia Profesional	Unidad de Competencia SUPRIMIDA del Catálogo:
--Seleccionar--	UC0351_2 - Cortar el cabello y realizar el arreglo y rasurado de barba y bigote
Código UC descatalogada	Unidad(es) de Competencia equivalente(s) en el Catálogo y requisitos adicionales (si son necesarios):
UC0351_2	UC2685_2 - Realizar técnicas de corte del cabello (RD 544/2023)
Nombre	UC2686_2 - Realizar técnicas de barbería (RD 544/2023)
	Familia Profesional: Instalación y Mantenimiento
	Nivel: 2

Por todo o anterior, despréndese que a unidade suprimida UC0351_2 é equivalente as novas unidades UC2685_2 e UC2686_2 polo que o módulo MP0845 é susceptible de validación.

A acreditación de unidades de competencia polo centro educativo

- »» A acreditación de unidades de competencia **acreditadas a través de ofertas formativas** autorizadas pola Administración laboral debe ser xustificada por medio dos documentos recollidos no Anexo II do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

A acreditación de unidades de competencia pola Dirección Xeral de formación profesional

»» As persoas que teñan acreditadas unidades de competencia de títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), segundo o procedemento establecido:

- Na Orde do 25 de febreiro de 2008 ou
- Na Orde do 1 de setembro de 2009

Polas que se convocan unidades de competencia e prazas para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional, e se determina o correspondente procedemento experimental, poderán solicitar a validación dos módulos profesionais asociados aos ciclos formativos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.



XUNTA
DE GALICIA



FORMACIÓN
PROFESIONAL

RECURSOS CONTRA AS RESOLUCIÓN

Recurso contra as resolucións

- »» Contra a resolución de validación, a persoa solicitante poderá presentar recurso de alzada no prazo máximo dun mes a partir da súa notificación ante a persoa titular de:
- a) A **Dirección territorial de cada provincia**, para as validacións que sexan competencia da persoa titular da dirección do centro.
 - b) A **Secretaría Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación**, Formación Profesional e Deportes, para as validacións que sexan resoltas por este ministerio.
 - c) A **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, para as validacións que sexan resoltas pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional da mesma consellería.



XUNTA
DE GALICIA